Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Goberno Local, con el núm: RES/AYT/14105/2023 26/07/2023

| *Área / Unidad* | *Documento* |
|---|---|
| SERVICIOS GENERALES DE CI CI1000 ICS | CI117I02HQ |
| *Código de verificación* | *Expediente* |
| 3N33 074X 1B23 5N3W 0ZT4 | CI1/2023/32 |
| | *Fecha* |
| | 18-07-2023 |

*Asunto*

**RESOLUCIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS Á CREACIÓN ARTÍSTICA PARA ARTISTAS INDIVIDUAIS EMPADROADOS NA CORUÑA ANO 2023**

Logo de ver o informe proposta que antecede, e en uso das competencias que me atribúe a lexislación vixente, adopto a seguinte

**RESOLUCIÓN**

A Xunta de Goberno Local, o día 1 de febreiro de 2023, acordou autorizar o gasto e aprobar a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas á creación artística para artistas individuais empadroados na Coruña, destinada ao apoio e estímulo á creación de proxectos culturais na nosa cidade, a realizar durante o exercicio 2023.

O importe desta convocatoria é de cento oitenta mil euros (180.000 €), gasto imputable á aplicación 10.334.48100 do Orzamento Municipal de 2023, que se atopa en situación de prorrogado do 2022.

A convocatoria de subvencións publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) número 27, do 8 de febreiro de 2023, e na BDNS (Identif.: 673984).

O prazo para a achega das solicitudes de un (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP, foi do 9 de febreiro ao 8 de marzo de 2023, ámbolos dous incluídos.

O servizo municipal de Cultura revisou todas as solicitudes achegadas polas persoas interesadas en participar na convocatoria das subvencións, e publicou no BOP número 67, do 10 de abril de 2023, e na páxina web, no taboleiro de anuncios e edictos e na sede electrónica do Concello da Coruña o trámite de emenda das solicitudes formuladas, de acordo co previsto na base 6.7 da convocatoria.

O prazo para emendar as solicitudes, de dez (10) días hábiles, foi do 11 ao 24 de abril de 2023, ámbolos dous incluídos.

Se recibiron inicialmente 82 solicitudes. Das ditas solicitudes, dous non se poden atender, por achegalas os solicitantes fóra do prazo establecido.

Rematado o trámite de emenda, trece persoas solicitantes non emendaron as deficiencias da solicitude achegada e, polo tanto, se lles ten por desistidas das súas solicitudes.

O Servizo Municipal de Cultura comprobou que o resto das persoas solicitantes, e de acordo cos datos que figuran nos expedientes relacionados, cumpren cos requisitos previstos na Lei Xeral de Subvencións para recibir unha subvención e, en concreto, están ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria da Administración do Estado, a Axencia Tributaria Galega, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e o Concello da Coruña.

Polo tanto, están en condición de ser avaliadas 67 solicitudes.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por INTERVENCION GENERAL. AYTO A CORUÑA a las 09:50 del día 20/07/2023, Concelleiro delegado responsable da Área de Fomento e Promoción da Cidade, Gonzalo Henrique Castro Prado (GONZALO HENRIQUE CASTRO PRADO) a las 15:08 del día 26/07/2023 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA. AYTO A CORUÑA a las 15:08 del día 26/07/2023. Mediante el código de verificación 3N33074X1B235N3W0ZT4 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones por delegación de la JGL con el núm. COR/RES/14105/2023 el 26/07/2023

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por INTERVENCION GENERAL AYTO A CORUÑA a las 09:50 del día 20/07/2023, Concelleiro delegado responsable da Área de Fomento e Promoción da Cidade, Gonzalo Henrique Castro Prado (GONZALO HENRIQUE CASTRO PRADO) a las 15:08 del día 26/07/2023 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA. AYTO A CORUÑA a las 15:08 del día 26/07/2023. Mediante el código de verificación 3N33074X1B235N3W0ZT4 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones por delegación de la JGL con el núm. COR/RES/14105/2023 el 26/07/2023

O artigo 17 da Ordenanza Xeral de subvencións da Área de Benestar determina que en cada un dos Departamentos administrativos municipais que teñan atribuída a competencia para a xestión dos respectivos expedientes de subvencións, constituirase o órgano colexiado a que se refire o apartado 1 do artigo 22 da Lei Xeral de Subvencións encargado da avaliación das solicitudes, coa denominación de "Mesa de avaliación de subvencións". O citado órgano colexiado, unha vez avaliadas as solicitudes, debe emitir un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada (artigo 24.4 da Lei Xeral de Subvencións).

Con data 19 de abril de 2023 constituíuse a Mesa de avaliación, nomeada pola alcaldesa, levantándose acta.

As persoas membros de dita mesa son:

Presidenta: Susana Martínez Portabales.

Vogais do Servizo Municipal de Cultura: Isabel Alonso García e Marcos Pérez Maldonado.

Vogais representantes do sector cultural: Luís Pousa Meréns e Laura Seoane Ramil.

Secretaria: Raquel Vázquez Silva.

Tras varias reunións, nas que se avaliaron as solicitudes achegadas e, como resultado das deliberacións, o 12 de maio de 2023 levántase acta e emítese informe co resultado.

No anexo achegado coa acta indícase a relación de proxectos que foron avaliados pola Mesa e a puntuación outorgada, así como aqueles que non se someteron a valoración por incumprir algún dos requisitos da convocatoria ou por desistencia da persoa solicitante.

Das solicitudes avaliadas, tres non acadaron a puntuación mínima de 50 puntos na valoración total, esixida polas bases no apartado 7.4, para continuar no proceso.

Logo de ver o informe da Mesa de avaliación, se formula a proposta de resolución provisional e o 8 de xuño de 2023 publicase mediante anuncio nos taboleiros e lugares de difusión indicados na base 8.3. Concédese un prazo de dez (10) días hábiles para realizar as alegacións que se estimen convenientes, de acordo co previsto na base 8.4 reguladora da convocatoria.

O período de alegacións foi do 9 ao 22 de xuño de 2022, ámbolos dous incluídos.

Rematado dito prazo, compróbase que catro solicitantes achegaron escrito de alegacións á proposta de resolución provisional.

É por iso que o día 12 de xullo de 2023 reúnese de novo a Mesa de avaliación para dar resposta ás mesmas e levántase Acta onde se propón:

1. <u>Alegacións do solicitante con nº de expediente CI1/2023/213:</u>

A interesada, no seu escrito de data 13.06.2023 contra as puntuacións outorgadas pola Mesa, alega o seguinte:

*"No estoy de acuerdo con la resolución de denegación de "Axudas á creación artística individuais de Coruña 2023". Solicito que se considere mi espectacular obra y se revise la poca puntuación recibida, basada en discriminación a una disciplina que podría ser más difícil: la arquitectura."*

A Mesa de Avaliación indica que esta subvención outórgase por concorrencia competitiva. A puntuación obtida por cada proxecto resulta da obxectivación da calidade das propostas achegadas segundo os criterios establecidos nas bases, pero non debe entenderse como unha valoración

absoluta da súa calidade, senón como unha valoración relativa que ten en consideración os méritos do conxunto de traballos presentados.

En consecuencia, a Mesa de Avaliación, tras estudar a solicitude, acorda desestimar a alegación presentada e manter a puntuación outorgada.

2. <u>Alegacións do solicitante con nº de expediente CI1/2023/169:</u>

O interesado, no seu escrito de data 22.06.2023 contra as puntuacións outorgadas pola Mesa, alega o seguinte:

1. *"No tocante ao criterio "Relación coa cidade da Coruña" (ata 5 puntos): O meu proxecto ten unha estreita relación coa cidade da Coruña en todas as súas etapas, desde a conceptualización ao resultado final, pasando por todos os procesos de xestión e creativos intermedios. Para a súa concepción considerei coidadosamente o entorno e as características da cidade, así como dos barrios concretos nos que se desenvolverá o proxecto: O Ventorrillo e Os Mallos. Esta relación trascende da mera relación conceptual ou "teórica" coa cidade, involucrando activamente e na práctica aos seus habitantes, atendendo ademais a un criterio de diversidade. Xa que logo, o meu proxecto contribuirá ao enriquecemento cultural da cidade e fomentará a participación activa da comunidade local.*

2. *No relativo ao criterio "Creación artística previa (memoria ou CV)" (ata 10 puntos): Presento unha sólida traxectoria artística previa que respalda a miña capacidade para levar a cabo este proxecto con éxito. O meu currículo vitae demostra unha experiencia actual relevante no ámbito artístico, así como logros e recoñecementos en proxectos anteriores (como o Premio María Casares ou nomeamentos internacionais en Irlanda e no Uruguai), moitos deses proxectos cun improtante impacto na cidade (como o Corufest ou Vinte). Ademáis, o meu traballo docente na cidade, a travé da Escola ON de artes escénicas, é tamén un claro indicador da miña habilidade para desenvolver e executar con éxito un proxecto de mediacion e creación escénica como o presentado.*

3. *No relativo ao "Plan de difusión" (ata 10 puntos): Elaborei un plan de difusión detallado e efectivo e conto cun capital relacional relevante, sustentado nunha experiencia de moitos anos desenvolvendo proxectos dentro e fóra da cidade, o que asegurará que o meu proxecto chegue a un amplo segmento de poboación e logre acadar un impacto significativo na comunidade. Un amplo capital relacional que ven dado pola niña traxectoria como director, docente e autor e pola actividade da compañía e da escola das que son director (Os Náufragos teatro e a Escola ON), así como pola miña implicación noutros proxectos como o xa mencionado Corufest ou Galicia Escena PRO.*

4. *E no tocante ao criterio "Uso do galego nas actividades do proxecto" (ata 15 puntos): O meu proxecto destaca polo seu compromiso práctico coa lingua galega, alén dunha mera declaración teórica de intencións. O proxecto non se limitará a facer unha mera actividade ou exhibición puntual dunha peza cultural feita en galego, senón que inclúe todo un proceso de creación desenvolvido integramente en galego, que involucrará ademáis activamente a un grupo de cidadáns da Coruña, expandíndose alén dos propios creadores participantes.*

*Tendo en conta o exposto, considero que, de non telas, O MEU PROXECTO DEBE TER AS MÁXIMAS PUNTUACIÓNS NESTES 4 CRITERIOS de avaliación referidos (ata chegar aos 40 puntos).*

5. *No tocante ao restante criterio "Proxecto: calidade, innovación, creación, presentación" (ata 60 puntos), considero que o meu proxecto cumpre cos criterios de calidade, innovación, creación e presentación establecidos na convocatoria. Desenvolvín un proxecto de creación*



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por INTERVENCION GENERAL AYTO A CORUÑA a las 09:50 del día 20/07/2023, Concelleiro delegado responsable da Área de Fomento e Promoción da Cidade, Gonzalo Henrique Castro Prado (GONZALO HENRIQUE CASTRO PRADO) a las 15:08 del día 26/07/2023 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA. AYTO A CORUÑA a las 15:08 del día 26/07/2023. Mediante el código de verificación 3N33074X1B235N3W0ZT4 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones por delegación de la JGL con el núm. COR/RES/14105/2023 el 26/07/2023

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por INTERVENCION GENERAL AYTO A CORUÑA a las 09:50 del día 20/07/2023, Concelleiro delegado responsable da Área de Fomento e Promoción da Cidade, Gonzalo Henrique Castro Prado (GONZALO HENRIQUE CASTRO PRADO) a las 15:08 del día 26/07/2023 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA AYTO A CORUÑA a las 15:08 del día 26/07/2023. Mediante el código de verificación 3N33074X1B235N3W0ZT4 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones por delegación de la JGL con el núm. COR/RES/14105/2023 el 26/07/2023

*que busca a calidade artística e cunha proposta innovadora e creativa que nunca foi desenvolvida deste xeito na cidade da Coruña. Asemade, a presentación do proxecto foi rigorosa e detallada, demostrando a miña capacidade para levar a proposta a bo porto. É por isto que considero que, neste criterio, O MEU PROXECTO DEBE TER UNHA PUNTUACIÓN SUPERIOR aos 42 puntos supostamente outorgados."*

A Mesa de Avaliación informa que a puntuación acada polo proxecto Os Nosos Barrios é a seguinte:

| | |
|---|---|
| Proxecto (calidade, innovación, creación, presentación) | 42 puntos |
| Relación coa cidade da Coruña | 5 puntos |
| Creación artística previa (memoria ou CV) | 10 puntos |
| Plan de difusión | 10 puntos |
| Uso do galego nas actividades do proxecto | 15 puntos |

Obsérvase, polo tanto, que con respecto aos primeiros 4 puntos alegados polo solicitante, o proxecto xa acadou a puntuación máxima posible nos criterios 2, 3, 4 e 5.
Con respecto á valoración acada no criterio 1 (calidade, innovación, creación, presentación do proxecto) a Mesa de Avaliación indica que esta subvención outórgase por concorrencia competitiva. A puntuación obtida por cada proxecto resulta da obxectivación da calidade das propostas achegadas segundo os criterios establecidos nas bases, pero non debe entenderse como unha valoración absoluta da súa calidade, senón como unha valoración relativa que ten en consideración os méritos do conxunto de traballos presentados.

En consecuencia, a Mesa de Avaliación, tras estudar a solicitude, acorda desestimar a alegación presentada e manter a puntuación outorgada.

3. <u>Alegacións do solicitante con nº de expediente CI1/2023/176:</u>

A interesada, no seu escrito de data 22.06.2023 contra as puntuacións outorgadas pola Mesa, alega o seguinte:

*"Estando en desacordo coa puntuación acadada no apartado 1.Calidade, innovación, creación e presentación do proxecto, 45 puntos dos 60 máximos posibles, quero expoñer a continuación os seguintes argumentos.*

*Sen coñecer cales son os criterios tanto obxectivos coma subxectivos que se seguen a hora de valorar un proxecto, quero basearme no traballo presentado a esta mesma convocatoria no exercicio do 2022 e na puntuación acadada nesa pasada convocatoria, xa que o proxecto presentando na convocatoria actual, está baseado e é a continuación do mencionado do 2022.*

*O ano pasado presentei a esta mesma axuda un proxecto titulado ``Fase de investigación e creación de material para o novo espectáculo da Compañía Sempre Arriba ``O meu Xeito´´(título provisional).*

*Na introdución expoñía o seguinte:*

*"considerando que podemos subdividir o proceso de creación en distintas fases, decidimos participar destas axudas presentando como proxecto obxecto desta subvención só o que sería a primeira fase deste proceso de creación, e que definimos como fase de investigación e creación de*

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por INTERVENCION GENERAL AYTO A CORUÑA a las 09:50 del día 20/07/2023, Concelleiro delegado responsable da Área de Fomento e Promoción da Cidade, Gonzalo Henrique Castro Prado (GONZALO HENRIQUE CASTRO PRADO) a las 15:08 del día 26/07/2023 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA AYTO A CORUÑA a las 15:08 del día 26/07/2023. Mediante el código de verificación 3N33074X1B235N3W0ZT4 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones por delegación de la JGL con el núm. COR/RES/14105/2023 el 26/07/2023

*material, para o novo espectáculo provisionalmente titulado ``O meu Xeito´´, a realizar principalmente entre os meses de Outubro a Decembro".*

*E mencionaba que calculaba que o proceso de creación completo remataría en Xullo 2023 coa estrea de este novo espectáculo.*

*Neste proxecto presentado en 2022 acadei unha puntuación total de 45 puntos dos 60 posibles, no apartado de proxecto e un total de 76 puntos, sen lograr ser beneficiaria destas axudas na pasada convocatoria, e aprazando a maior parte do traballo para este 2023.*

*No proxecto presentado na convocatoria deste 2023, baseeime no proxecto presentado na convocatoria anterior, mellorando, ampliando e concretando a proposta nos seguintes aspectos:*

*- Presento un cronograma máis amplo en duración, máis detallado de traballo e que abarca máis fases do proceso creativo a desenvolver (investigación, creación, produción, ensaios, estrea) en un prazo de tempo maior, dende Xaneiro 2023 ata a estrea e remate do proceso de creación en Xullo do 2023.*

*- Faise un desglose máis elaborado, completo, e minucioso das actividades a realizar para levar a cabo este proxecto.*

*- Amplíase o equipo de traballo de colaboradores no proxecto.*

*- Presento material audiovisual do proceso de creación, cun breve vídeo dunha proba con público para testar materiais, realizada en febreiro.*

*- Achéganse certificados de realización de residencias nos distintos espazos, e se amplía o número de espazos de traballo e o tempo de traballo neste espazos.*

*- Preséntanse fotos dos procesos de traballo nas residencias, e a evolución da investigación coa escenografía.*

*- Existencia dun cartafol elaborado e imaxe provisional do espectáculo.*

*- Compromiso de Estrea nun Festival de artes escénicas recoñecido de Galicia.*

*- Preséntanse datas de actuación para facer pre- estreas remuneradas, e as cartas correspondentes de compromiso de actuación.*

*- Orzamento máis elaborado e detallado no que se presenta unha actividade que xenera ingresos, e unha capacidade de aportación propia para cubrir o total do orzamento plantexado.*

*Como menciono o inicio deste escrito, descoñezo cales son os criterios tanto obxectivos coma subxectivos que se seguen a hora de valorar un proxecto, pero o feito de ter acadado a mesma puntuación nesta convocatoria que na pasada, cando claramente hai unha mellora do proxecto tanto en aspectos cuantitativos como cualitativos, lévame a redactar este escrito e a solicitar que por favor, sexa revisada a puntuación outorgada no apartado 1 de Calidade, innovación, creación e presentación do proxecto."*

A Mesa de Avaliación indica que esta subvención outórgase por concorrencia competitiva. A puntuación obtida por cada proxecto resulta da obxectivación da calidade das propostas achegadas segundo os criterios establecidos nas bases, pero non debe entenderse como unha valoración absoluta da súa calidade, senón como unha valoración relativa que ten en consideración os méritos do conxunto de traballos presentados.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por INTERVENCION GENERAL AYTO A CORUÑA a las 09:50 del día 20/07/2023, Concelleiro delegado responsable da Área de Fomento e Promoción da Cidade, Gonzalo Henrique Castro Prado (GONZALO HENRIQUE CASTRO PRADO) a las 15:08 del día 26/07/2023 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA. AYTO A CORUÑA a las 15:08 del día 26/07/2023. Mediante el código de verificación 3N33074X1B235N3W0ZT4 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones por delegación de la JGL con el núm. COR/RES/14105/2023 el 26/07/2023

En consecuencia, a Mesa de Avaliación, tras estudar a solicitude, acorda desestimar a alegación presentada e manter a puntuación outorgada.

4. Alegacións do solicitante con nº de expediente CI1/2023/201:

A interesada, no seu escrito de data 22.06.2023 contra o informe proposta da resolución provisional, alega o seguinte:

*"PRIMERA.- Que remití documentación necesaria y pertinente para optar a las subvenciones de concurrencia competitiva de las ayudas a la creación artística para artistas individuales empadronados en A Coruña. Dicha documentación fue remitida telemáticamente a través de la sede electrónica del Ayuntamiento de Coruña.*

*SEGUNDA.- Que se publicó REQUERIMIENTO de documentación a través del BOP de A Coruña en el que constaban, entre otros, la remisión de remitir el certificado de deudas de ATRIGA, TGSS, AEAT.*

*TERCERA.- Que presenté, a través de la sede electrónica del ayuntamiento de Coruña, la documentación requerida haciendo especial mención al procedimiento del que traía causa.*

*CUARTA.- Que debido a error informático ajeno a mi voluntad, se envió solicitud general sin anexar los documentos anexos y requeridos. Lo que demuestra la clara intención de aportar la citada documentación y no pudiendo debido a error informático de la plataforma.*

*QUINTA.- Que en fecha 16/05/2023 al comprobar que el expediente no se había adjuntado correctamente llamé en reiteradas ocasiones al ayuntamiento para tratar de solventar el tema y allí me indicaron que remitiera escrito en el que constara la incidencia y los documentos requeridos. Que dichos documentos así como el escrito debían ser tenidos en cuenta para la resolución del procedimiento.*

*SEXTA.- Que en fecha (indica fecha) se publica resolución de las subvenciones concedidas en la que mi solicitud consta como desistida cuya causa es "no enmenda a solicitude"*

*SEPTIMA.- Que el desistimiento en derecho administrativo ha sido definido como El desistimiento es un modo anormal de terminación del procedimiento que consiste en la declaración unilateral del interesado de abandonar la pretensión en el procedimiento ya iniciado. Sus efectos se limitan al procedimiento y no a la pretensión que se formula. Que no cabe entender aquí como desistido un proceso en el que no solo se ha enmendado si no que se realizó un trámite adicional para preveer al órgano gestor de dicha subvención de este extremo en base a las directrices así indicadas por los trabajadores del ayuntamiento de A Coruña. No cabe desistimiento cuándo se ha tratado, por todos los medios posibles, de enmendar la solicitud.*

*OCTAVA.-En cuánto al error informático que produjo la demora en la remisión de documentación, sobre esta y otras cuestiones similares ya se han pronunciado nuestros tribunales, en concreto la Audiencia Nacional ya se pronunció sobre esta posibilidad estableciendo lo siguiente: "Consideramos, por tanto, que cabe la posibilidad, apuntada por la recurrente, de que ante la falta o defecto del sistema informático pudiera suceder que el escrito de interposición (conjuntamente interpuesto por varios afectados) no quedara registrado informáticamente. A pesar del cúmulo de irregularidades que se presentan, y lo anómalo de presentar en días sucesivos dos reclamaciones -una mediante la mera interposición y otra mediante la formalización de alegaciones-, cabe mantener una duda razonable de que el escrito se presentara fuera del sistema por razones técnicas, y que incomprensiblemente no quedara anotado ni unido a las actuaciones." Entendiendo en todo caso que como existe prueba de veracidad (...) En este mismo sentido nos hemos pronunciado cuando documentos que no aparecían registrados venían apoyados por otras pruebas, que permitían darlos por válidos (Audiencia Nacional, Sala de lo Contencioso-administrativo, Sección 4.ª, Sentencia de 22 Dic. 2010, rec. 8/2010 y 21/20; Sentencia de 19 Ene. 2011, rec.*

*376/2009 ).” Interpretación que debemos seguir en el presente caso dado que existen pruebas que apoyan el relato fáctico y que de él se desprende una clara intención de no desistir de la subvención y enmendar lo solicitado.*

*NOVENA.- Que el artículo 28.2 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas dispone expresamente lo siguiente: “los interesados tienen derecho a no aportar documentos que ya se encuentren en poder de la Administración actuante o hayan sido elaborados por cualquier otra Administración. La administración actuante podrá consultar o recabar dichos documentos salvo que el interesado se opusiera a ello. No cabrá la oposición cuando la aportación del documento se exigiera en el marco del ejercicio de potestades sancionadoras o de inspección.” y sobre ello se pronunció el alto Tribunal (STS 118/2023 ) la cual dispone expresamente lo siguiente: “Del tenor literal de los arts. 109.1.a) y 5 del Reglamento de Extranjería y 28.2 de la Ley 40/15, declaramos que, salvo oposición expresa del interesado, no puede ser requerido a la aportación de documentos en los que funda la solicitud, cuando éstos obran ya en poder de las Administraciones o han sido elaborados por ellas, 5 teniendo éstas obligación de solicitarlos de la correspondiente Administración a través de interconexión telemática”*

*Por lo tanto, no cabe DESESTIMAR la presente solicitud por el requerimiento de documentación que obraba en otras administraciones y que por tanto la administración actuante tenía obligación de solicitar al resto de administraciones.*

*DECIMA.- Por lo tanto, no cabe entender que el presente caso se trate de un DESISTIMIENTO a instancia del interesado, tampoco cabría omitir el intento de reparación por parte del ciudadano incapaz de realizar la enmienda al requerimiento por la sede electrónica y habiendo remitido un escrito en aras de subsanar dicho error por indicaciones de los propios trabajadores del ayuntamiento, si bien, dicho requerimiento se trata de un exceso por parte de la administración actuante la cual posee obligación legal y jurisprudencial de solicitar la documentación requerida a las administraciones competentes. “*

A Mesa de Avaliación informa que o Servizo Municipal de Cultura, tras revisar a solicitude de participación na convocatoria por parte da solicitante, publicou no BOP número 67, do 10 de abril de 2023, e na páxina web, no taboleiro de anuncios e edictos e na sede electrónica do Concello o trámite de emenda das solicitudes formuladas, de acordo co previsto na base 6.7 da convocatoria, requiríndolle á solicitante a seguinte documentación imprescindible para continuar no procedemento: “*Corrixir solicitude, proxecto e orzamento. Achegar CV ou memoria, certificado de empadroamento, modelo alta 3º e certificados de AEAT, ATRIGA, TGSS e Concello*”

O prazo anunciado para emendar as solicitudes, de dez (10) días hábiles, foi do 11 ao 24 de abril de 2023, ámbolos dous incluídos.

O 24.04.2023 as 14:09:15 horas, con código RMPE170OIW, a interesada achega a través da Sede electrónica do Rexistro Xeral deste Concello unha solicitude xeral, sen a documentación requirida.

O 26.04.2023 as 22:50:12 horas, fora do prazo de emenda anunciado, con código RMPE170PCQ, a interesada achega a través da Sede electrónica do Rexistro Xeral deste Concello unha solicitude xeral, con parte da documentación requirida.

A lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece no artigo 68 relativo á emenda e mellora da solicitude: “*Se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo 66 e, se for o caso, os que sinala o artigo 67 ou outros exixidos pola lexislación específica aplicable, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos*



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por INTERVENCION GENERAL. AYTO A CORUÑA a las 09:50 del día 20/07/2023, Concelleiro delegado responsable da Área de Fomento e Promoción da Cidade, Gonzalo Henrique Castro Prado (GONZALO HENRIQUE CASTRO PRADO) a las 15:08 del día 26/07/2023 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA. AYTO A CORUÑA a las 15:08 del día 26/07/2023. Mediante el código de verificación 3N33074X1B235N3W0ZT4 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones por delegación de la JGL con el núm. COR/RES/14105/2023 el 26/07/2023

*previstos no artigo 21"* . Por outra banda, no artigo 29 , en relación a obrigatoriedade de termos e prazos, establécese : *"Os termos e prazos establecidos nesta ou noutras leis obrigan as autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como os interesados neles*.".

A Mesa de Avaliación, en aplicación de ditos artigos e da restante normativa vixente, acorda desestimar a alegación presentada e manter o indicado na resolución provisional.

Dentro do período de alegacións, e segundo indica a base 7.8, "*en caso de importe remanente, de maneira excepcional e só neste caso, permitirase a reformulación da solicitude que no informe ocupe o primeiro posto entre os proxectos sen dereito a axuda, segundo a valoración obtida, de tal modo que o solicitante poida adaptar, se o estima conveniente, a súa solicitude ao importe remanente*."

De acordo co indicado na proposta de resolución provisional, o importe total concedido ascende a 174.943,54 €, quedando un remanente de 5.056,46 €. Establece ademais que a persoa solicitante co proxecto "...É meu amigo!", número de expediente CI1/2023/161, ten a posibilidade de reformular a súa solicitude para axustar o orzamento ó importe remanente. O día 13 de xuño de 2023 achega a súa aceptación, xunto coa reformulación do orzamento ao importe sobrante de 5.056,46 €.

Despois deste trámite, non queda remanente.

Tal e como se establece no punto 5 da base 8, "*examinadas as alegacións achegadas, o órgano competente formulará a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes que cumpren os requisitos necesarios para os que se propón a concesión da axuda, o seu importe, a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala."*

Tendo en conta o anteriormente exposto,

**RESOLVO**

**Primeiro.-** Vistas as alegacións contra a proposta de resolución provisional, **desestimar as seguintes alegacións** polos motivos indicados:

1. <u>Alegacións do solicitante con nº de expediente CI1/2023/213:</u>

A interesada, no seu escrito de data 13.06.2023 contra as puntuacións outorgadas pola Mesa, alega o seguinte:

*"No estoy de acuerdo con la resolución de denegación de "Axudas á creación artística individuais de Coruña 2023". Solicito que se considere mi espectacular obra y se revise la poca puntuación recibida, basada en discriminación a una disciplina que podría ser más difícil: la arquitectura."*

A Mesa de Avaliación indica que esta subvención outórgase por concorrencia competitiva. A puntuación obtida por cada proxecto resulta da obxectivación da calidade das propostas achegadas segundo os criterios establecidos nas bases, pero non debe entenderse como unha valoración absoluta da súa calidade, senón como unha valoración relativa que ten en consideración os méritos do conxunto de traballos presentados.

En consecuencia, a Mesa de Avaliación, tras estudar a solicitude, acorda desestimar a alegación presentada e manter a puntuación outorgada.

2. <u>Alegacións do solicitante con nº de expediente CI1/2023/169:</u>



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por INTERVENCION GENERAL. AYTO A CORUÑA a las 09:50 del día 20/07/2023, Concelleiro delegado responsable da Área de Fomento e Promoción da Cidade, Gonzalo Henrique Castro Prado (GONZALO HENRIQUE CASTRO PRADO) a las 15:08 del día 26/07/2023 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA. AYTO A CORUÑA a las 15:08 del día 26/07/2023. Mediante el código de verificación 3N33074X1B235N3W0ZT4 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones por delegación de la JGL con el núm. COR/RES/14105/2023 el 26/07/2023

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por INTERVENCION GENERAL, AYTO A CORUÑA a las 09:50 del día 20/07/2023, Concelleiro delegado responsable da Área de Fomento e Promoción da Cidade, Gonzalo Henrique Castro Prado (GONZALO HENRIQUE CASTRO PRADO) a las 15:08 del día 26/07/2023 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA, AYTO A CORUÑA a las 15:08 del día 26/07/2023. Mediante el código de verificación 3N33074X1B235N3W0ZT4 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones por delegación de la JGL con el núm. COR/RES/14105/2023 el 26/07/2023

O interesado, no seu escrito de data 22.06.2023 contra as puntuacións outorgadas pola Mesa, alega o seguinte:

1. *"No tocante ao criterio "Relación coa cidade da Coruña" (ata 5 puntos): O meu proxecto ten unha estreita relación coa cidade da Coruña en todas as súas etapas, desde a conceptualización ao resultado final, pasando por todos os procesos de xestión e creativos intermedios. Para a súa concepción considerei coidadosamente o entorno e as características da cidade, así como dos barrios concretos nos que se desenvolverá o proxecto: O Ventorrillo e Os Mallos. Esta relación trascende da mera relación conceptual ou "teórica" coa cidade, involucrando activamente e na práctica aos seus habitantes, atendendo ademais a un criterio de diversidade. Xa que logo, o meu proxecto contribuirá ao enriquecemento cultural da cidade e fomentará a participación activa da comunidade local.*

2. *No relativo ao criterio "Creación artística previa (memoria ou CV)" (ata 10 puntos): Presento unha sólida traxectoria artística previa que respalda a miña capacidade para levar a cabo este proxecto con éxito. O meu currículo vitae demostra unha experiencia actual relevante no ámbito artístico, así como logros e recoñecementos en proxectos anteriores (como o Premio María Casares ou nomeamentos internacionais en Irlanda e no Uruguai), moitos deses proxectos cun improtante impacto na cidade (como o Corufest ou Vinte). Ademáis, o meu traballo docente na cidade, a travé da Escola ON de artes escénicas, é tamén un claro indicador da miña habilidade para desenvolver e executar con éxito un proxecto de mediacion e creación escénica como o presentado.*

3. *No relativo ao "Plan de difusión" (ata 10 puntos): Elaborei un plan de difusión detallado e efectivo e conto cun capital relacional relevante, sustentado nunha experiencia de moitos anos desenvolvendo proxectos dentro e fóra da cidade, o que asegurará que o meu proxecto chegue a un amplo segmento de poboación e logre acadar un impacto significativo na comunidade. Un amplo capital relacional que ven dado pola niña traxectoria como director, docente e autor e pola actividade da compañía e da escola das que son director (Os Náufragos teatro e a Escola ON), así como pola miña implicación noutros proxectos como o xa mencionado Corufest ou Galicia Escena PRO.*

4. *E no tocante ao criterio "Uso do galego nas actividades do proxecto" (ata 15 puntos): O meu proxecto destaca polo seu compromiso práctico coa lingua galega, alén dunha mera declaración teórica de intencións. O proxecto non se limitará a facer unha mera actividade ou exhibición puntual dunha peza cultural feita en galego, senón que inclúe todo un proceso de creación desenvolvido integramente en galego, que involucrará ademáis activamente a un grupo de cidadáns da Coruña, expandíndose alén dos propios creadores participantes.*

5. *Tendo en conta o exposto, considero que, de non telas, O MEU PROXECTO DEBE TER AS MÁXIMAS PUNTUACIÓNS NESTES 4 CRITERIOS de avaliación referidos (ata chegar aos 40 puntos).*

6. *No tocante ao restante criterio "Proxecto: calidade, innovación, creación, presentación" (ata 60 puntos), considero que o meu proxecto cumpre cos criterios de calidade, innovación, creación e presentación establecidos na convocatoria. Desenvolvín un proxecto de creación que busca a calidade artística e cunha proposta innovadora e creativa que nunca foi desenvolvida deste xeito na cidade da Coruña. Asemade, a presentación do proxecto foi rigorosa e detallada, demostrando a miña capacidade para levar a proposta a bo porto. É por isto que considero que, neste criterio, O MEU PROXECTO DEBE TER UNHA PUNTUACIÓN SUPERIOR aos 42 puntos supostamente outorgados."*

A Mesa de Avaliación informa que a puntuación acada polo proxecto Os Nosos Barrios é a seguinte:

| | |
|---|---|
| Proxecto (calidade, innovación, creación, presentación) | 42 puntos |

